



Ferrol, 29 de maio de 2024

Estimadas familias:

Comunicamos que está aberto o prazo para presentar o proxecto de solicitude dos **Roteiros Científicos, Artísticos e Literarios** para o vindeiro curso. Precisamos saber o número de alumnado interesado, pois é preciso contar cun grupo de entre 20 e 24 alumnos/as dun nivel educativo similar: 1º/2º ESO, 3º/4º ESO ou 1º/2º BAC.

Estes roteiros desenvolveríanse entre o 20 de outubro e o 9 de novembro de 2024 ou entre o 4 e o 25 de maio do 2025, polo que só é posible solicitalos se o vindeiro curso se formaliza a matrícula no IES de Catabois.

A actividade consiste no desenvolvemento dun proxecto no centro e nunha viaxe posterior por distintos puntos de calquera comunidade autónoma de España (a que fose concedida). Os gastos de manutención e aloxamento corren íntegramente a cargo do Ministerio. As familias só teñen que aboar o custo do transporte ata o inicio do roteiro (dependendo da Comunidade asignada, pode oscilar entre os 200 e os 300 euros que se aboarían entre setembro e outubro do 2024).

O centro xa participou en dúas ocasións e os resultados foron altamente satisfactorios.

Pódense consultar os itinerarios propostos e o resto de información en: <https://www.educacionfpydeportes.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/20/201797/ficha/201797-2024-2025.html>

No noso blog atoparán as actividades desenvolvidas no último roteiro: <http://cataboisproxecta.blogspot.com/search/label/%23Rutas%20cient%C3%ADficas>.

O **compromiso asinado** debe entregarse como **data límite o luns 3 de xuño**, posto que o centro ten ata o 12 de xuño para deseñar o proxecto e presentar a solicitude.

COMPROMISO PARA A PARTICIPACIÓN EN ROTEIROS CIENTÍFICOS, ARTÍSTICOS E LITERARIOS NO CURSO 2024-2025

D./Dna.:, está interesado/a en que o/a seu/súa fillo/a/titorando/a do curso participe o vindeiro curso na actividade ROTEIROS CIENTÍFICOS, ARTÍSTICOS E LITERARIOS subvencionada polo Ministerio de Educación.

Asdo.: Pai/nai/titor/a legal